

En eterna espiral

41

SUPLEMENTO
DOMINICAL
22 DE FEBRERO DE 2026

literatura

ARMANDO REQUEIXO
armandorequeixo@hotmail.comA VIDA
A ARDER
ABRAHAM PÉREZ

Editorial Galaxia/ 18, 50 euros

vencionais. Destarte, ao carón de narracións máis ou menos ao uso comparecen outros textos que participan da diarística, do epistolar e mesmo do permutativo e cibertextual, amosando ata que punto as fronteiras do narrativo, o ensaístico, o poético e mesmo escénico están en Pérez amalgamados nunha hibridación connatural.

Canto aos asuntos tratados, e alén dos argumentos puntuais de cada relato, os principais esteos sobre os que asentán estas historias ancoran nalgúns dos grandes temas de todo tempo: a procura da identidade, o cuestionamento da natureza da arte, o papel esencial da memoria, ou a pugna dialóxica de Eros e Tánatos. E todo entrelázase co que son sinais de identidade da escrita de Pérez dende os inicios, que non renuncia a determinadas presenzas como trabes mestras do seu edificio creativo. Poño por caso: a importancia do universo musical e cinematográfico nestas prosas, así como a vertebración (meta)literaria do discurso ou a parábola futbolística como lectura sociolóxica.

Doutra banda, cómpre salientar que son estes de Pérez relatos cunha espacialización e temporalización ben definidas. Canto ás localizacións, son Lugo e Compostela as preferentes. No que di das ambientacións cronolóxicas, salienta a súa aposta por historias rigorosamente coetáneas, da actualidade, con protagonistas mozos ou adultos novos, evidenciando o dinamismo e conexión desta literatura coa nosa realidade máis próxima.

Non acae aquí transparentar o contido destes nove textos, pois nada ha substituír a lectura de cadaquén. Mais permítaseme que saliente un relato en particular, "Rexistro documental performativo de mínimos E-2", un texto que se arquitecturiza como unha 'rayuela' cortazariana, que se define en tres esferas ou estratos diexéticos, que xoga con varios tempos e espazos e que introduce un contexto cibernético como marco da enunciación, todo un desafío para a decodificación lectora e un exemplo da modernidade e ambición estética desta escrita de Pérez.

Moito presta a calor das lapas literarias de A vida a arder. Vai nelas o palpitar da existencia, o ser dos días e angueiras nos arrabaldes urbanos, as complexidades das relacións interpersoais, o reto de (re)coñecerse, a porosidade da vida que se infiltra, escoa, permea e trama en eterna espiral.

Poucas traxectorias nos últimos anos tan intensas como a do lugués Abraham Pérez. En apenas un lustro puidemos ler poemarios seus como **Fragmento/Creba** (2020), **Unha teoría para os espectros** (2021) e **O corpo transparente das horas** (2022), ensaios como **Sacho de seda** (2023), o diario **Gaivotas manchadas de petróleo** (2024) ou novelas como **O paso en falso** (2023).

Aos anteriores súmase agora o libro de relatos **A vida a arder**, publicado por Galaxia, un conxunto de nove historias de distinta extensión, fórmula xenérica e espazo semiótico que, en non poucos casos, conecta con textos seus anteriores, confirmando a natureza de obra aberta que caracteriza toda a escrita do autor.

O volume toma prestado o título dunha pasaxe de Anxo Rei Balles-teros, escritor e intelectual galego ao que Pérez coñece a fondo, pois está a redactar a súa tese de doutoramento sobre el. Co autor de **Dos anxos e dos mortos** comparte Pérez non poucas claves éticas e estéticas, pois ambos participan dunha mesma visión ontolóxica, solidaria e rupturista da escrita.

En A vida a arder atopamos unha proposta innovadora, que tensa e pon ao límite a adscrición dos textos aos xéneros literarios con-